



Concello de Cangas

**Expediente núm.:** 6806/2022

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** ps-22/34 Selección 1 Inspector/a de taxas, Persoal funcionario grupo C2

**Documento:** Acta IV

## ACTA IV

### CUALIFICACIÓNS FINAIS, DESEMPATES E CONVOCATORIA DE SORTEO PÚBLICO

Reunidos no Concello de Cangas a 19 de novembro de 2024 ás 9:30 h horas os integrantes do Tribunal cualificador no proceso para cubrir a praza vacante de persoal funcionario Inspector/a de taxas, Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Grupo C2, para valorar as alegacións presentadas respecto das cualificacións provisionais do concurso e determinar as cualificacións finais.

Integran o Tribunal os seguintes membros:

Cargo	Identidade
Presidencia	Manuel Cabral Cordeiro
Secretaría	Pilar Refojos Giráldez
Vogalía	Jesús Guimeráns González
Vogalía	Ángeles Fernández López
Vogalía	María Teresa Casal Rivas

Constan as seguintes alegacións presentadas en tempo e forma:

#### 1º ALEGACIÓN

Presentada por Bibiana Prieto Bermúdez en data 23/10/2024 con rexistro de entrada 2024-E-RC-12147 cuxo teor transcríbese:

“Expón: [...]”

“Segundo.- A que suscribe ten a consideración de Persoal Laboral como Auxiliar da Policía Local, ostentando a mesma categoría IV, e Grupo C2 que a praza de Inspector de taxas convocada.



**Concello de Cangas**

*Terceiro.- En relación coa área de coñecementos propios da praza obxecto da convocatoria (Inspector/a de taxas), indicar que dita área de coñecementos é a mesma, dado que dentro das miñas funcións establecidas na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de Policía locais de Galicia, están realizar as tarefas administrativas que se me encomenden na oficina do Departamento de Policía Local, ben sexa de apoio á Auxiliar administrativa adscrita en dito departamento, ou substitución da mesma por permisos, períodos de vacacións ou atención da Oficina nas quendas que me asignen.*

*Cuarto.- Segundo a Base 6 da convocatoria, no apartado 6, establece: “ A experiencia laboral desenvolvida no Concello de Cangas non será necesario acreditarla, realizándose a comprobación de oficio polo departamento de Persoal”.*

*Visto que non se fixo dita comprobación, achego informe do Inspector Xefe da Policía Local de Cangas (Ref. Concello 6617/2024) onde se indica que a que subscribe tamén realiza dentro do Departamento da Policía Local funcións de auxiliar administrativo (de igual categoría/grupo e área de coñecementos propios da praza obxecto da convocatoria)*

*Quinto.- No proceso selectivo de 13 auxiliares administrativos, Persoal funcionario Grupo C2, neste mesmo Concello de Cangas Expediente nº 6820/2022 o Tribunal cualificador logo de revisar a reclamación presentada pola que subscribe polo mesmo motivo, acepta a mesma outorgándome no apartado A “Experiencia profesional de 7,886 puntos.*

*Por todo o exposto,*

*SOLICITO.- Teña por presentado este escrito en tempo e forma, así como por feitas as manifestacións contidas no corpo do mesmo e, previa a tramitación que corresponda:*

*O Tribunal, teña en consideración as alegacións e corrixa a puntuación relativa a Experiencia profesional calculando os puntos en función de 0,10 puntos/mes traballado.*

*E como consecuencia do anterior se corrixa a puntuación total da que subscribe”.*

Revisada a documentación presentada pola aspirante, este Tribunal di o seguinte:

As funcións a desenvolver serán todas aquelas inherentes á praza de Inspector/a de taxas do Concello de Cangas, no marco da súa cualificación profesional e das competencias relacionadas co obxecto do seu posto de traballo resultando especificado o alcance de tales funcións no ámbito da potestade organizativa dos seus recursos humanos por parte do Concello de Cangas.

A Lei 4/2007 do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no seu artigo 95. Auxiliares de Policía local, punto 3, menciona o seguinte: Os auxiliares de Policía Local desempeñarán **as funcións de apoio e de auxilio aos membros do corpo de Policía local** no marco do disposto na lexislación de



## **Concello de Cangas**

corpos e forzas de seguridade.

No artigo 8 da citada Lei indícase:

Artigo 8.- Función dos corpos de Policía local:

1. De acordo co disposto no artigo 53 da Lei de forzas e corpos de seguridade, son funcións dos corpos da policía local as que se indican:

- a) Protexer as autoridades das corporacións locais e vixiar ou custodiar os seus edificios e instalacións.
- b) Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no solo urbano legalmente delimitado, de acordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria.
- c) Instruir atestados por accidentes de circulación no ámbito da súa competencia dentro do solo urbano legalmente delimitado.
- d) Policía administrativa, no relativo as ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia.
- e) Participar nas función da Policía xudicial, na forma establecida na normativa vixente.
- f) A prestación de auxilio, nos casos de accidentes, catástrofe ou calamidade pública, participando, na forma prevista nas leis, en canto á execución dos plans de protección civil.
- g) Efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos delituosos no marco de colaboración establecido nas xuntas de seguridade.
- h) Vixiar os espazos públicos e colaborar coas forzas e corpos de seguridade do Estado e coa Policía de Galicia na protección das manifestacións e no mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requeridos para iso.
- i) Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requeridos para iso.
- j) Calquera outra función en materia de seguridade pública que, de acordo coa lexislación vixente, lles sexa encomendada.

2. As actuacións que practiquen os corpos de Policía local no exercicio das función previstas nos apartados c) e g) deberán ser comunicadas ás forzas e corpos de seguridade do Estado e á Policía de Galicia segundo corresponda, de conformidade coa lexislación orgánica de forzas e corpos de seguridade.

3. En virtude do convenio entre a Xunta de Galicia e os concellos, no marco das competencias da Policía de Galicia, os corpos de Policía Local tamén poderán exercer, dentro do seu termo municipal, as seguintes funcións:

- a) Velar polo cumprimento das disposicións e ordes singulares ditadas polos órganos da comunidade autónoma, con especial atención ás materias relativas á protección do menor, o ambiente, a saúde e a muller, sobre todo no ámbito da violencia de xénero.
- b) A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da comunidade autónoma e os seus entes instrumentais, garantindo o normal funcionamento das



## Concello de Cangas

instalación e a seguridade dos usuarios dos servizos.

c) A inspección das actividades sometidas á ordenación e disciplina da comunidade autónoma, denunciando toda actividade ilícita.

d) O uso da coacción para a execución forzosa dos actos ou disposicións da propia comunidade autónoma.”

Polo exposto, e tendo en conta que a certificación da experiencia profesional da aspirante no Concello de Cangas consta no expediente dende o 1 de febreiro de 2023, este Tribunal entende que estas funcións recollidas na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, non se corresponden coas funcións recollidas na base 4 da convocatoria de unha praza de Inspector/a de Taxas Grupo IV, Expediente 6806/2022, que é obxecto desta convocatoria.

En canto á interpretación das bases, no punto 13 da convocatoria especificase :

“As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ao Tribunal Cualificador e as persoas aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que resulten da súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.”

Este Tribunal valora os méritos presentados por cada persoa candidata, establecendo uns criterios de baremación en relación ás bases da convocatoria. Non é competencia deste Tribunal entrar a valorar as conclusións doutros tribunais.

Polos motivos expostos o tribunal acorda NON ESTIMAR a alegación de Bibiana Prieto Bermúdez, polo que non procede a modificación da cualificación provisional. Puntuación total: 4 puntos.

## 2º ALEGACIÓN

Presentada por Elena Piñeiro Otero en data 23/10/2024 con rexistro de entrada 2024-E-RE-7754 cuxo teor transcribese:

“Expón: [...]”

“Vista a Acta de cualificacións provisionais relativas ao expediente núm.: 6806/2022 da selección de 1 Inspector/a de taxas, persoal funcionario Grupo C2 de data 17 de outubro de 2024

Solicita:

Aporto informe do Departamento de Persoal que acredita que nas datas indicadas estiven prestando



**Concello de Cangas**

*servizos no departamento de Taxas a efectos das puntuacións e para que conste no devandito expediente.”*

Vista a nova documentación presentada, o tribunal acorda ESTIMAR a alegación de Elena Piñeiro Otero na parte en que segundo o Informe aportado do Departamento de Persoal desenrolou o seu traballo íntegramente no departamento de taxas, quedando unha puntuación de 2,25 puntos no apartado A) de experiencia profesional. Puntuación total: 6,25 puntos.

### **3ª ALEGACIÓN**

Presentada por Angela Vizoso Marcos en data 10/11/2024 con rexistro de entrada 2024-E-RE-8142 cuxo teor transcríbese:

*“Expón:*

*En base a publicación na sede electrónica do Concello de Cangas das cualificacións provisionais no proceso selectivo para 1 posto de Inspector de Taxas, no Proceso de Selección do Proceso de Estabilización de Emprego.*

*Solicita:*

*Revisión da miña cualificación no apartado A, en base á documentación presentada o 18/01/2023 (Nº rexistro 2023-E-RE-764), tendo en conta que noutros procesos selectivos a nivel estatal a miña experiencia laboral temporal tanto no Concello de Porriño (9 meses), como no Concello de Vigo (12 meses) si foi valorada. Achéganse documentos que acreditan os argumentos desta alegación.”*

Revisada a documentación, este Tribunal entende que os méritos alegados no apartado A) Experiencia profesional, non se axustan a base 10 A) da convocatoria dunha praza de Inspector/a de Taxas Grupo IV, Expediente 6806/2022, que é obxecto desta convocatoria.

Este Tribunal valora os méritos presentados por cada persoa candidata, establecendo uns criterios de baremación en relación ás bases da convocatoria. Non é competencia deste Tribunal entrar a valorar as conclusións doutros tribunais.

Polos motivos expostos o tribunal acorda NON ESTIMAR a alegación de Ángela Vizoso Marcos polo que non procede a modificación da cualificación provisional. Puntuación total: 4 puntos.

Resultas as alegacións e conforme a base décimo primeira:

“O Tribunal determinará a cualificación final do proceso. Esta será a suma da puntuacións obtidas tras



## Concello de Cangas

a resolución das alegacións formuladas fronte á cualificación provisional. Publicándose dita cualificación final xunto coa resolución das alegacións formuladas no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello e na páxina web municipal.

No suposto de **empate** na cualificación final de dúas ou máis persoas aspirantes este resolverase seguíndose a orde seguinte: en primeiro lugar a favor da persoa aspirante con máis experiencia profesional no Concello de Cangas na mesma praza/s convocada, en segundo lugar a favor da persoa con máis experiencia profesional no Concello de Cangas en praza/s do mesmo grupo/categoría e área de coñecementos que a praza/s convocada; en terceiro lugar a favor do que teña maior antigüidade no Concello de Cangas, en cuarto lugar a favor do que teña maior antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas e, de persistir o empate, en último lugar resolverase cun sorteo público entre as persoas aspirantes que continúen empatadas.

A continuación, o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará á Alcaldía a correspondente proposta de nomeamento que incluirá a persoa aspirante proposta para ser nomeada persoal funcionario de carreira”

Da valoración dos méritos resultan as seguintes cualificacións finais:

ASPIRANTE	A	B	C	TOTAL
CANCELAS SANTOS SARA	0	4	SI	4
CHAPELA BOUBETA MARÍA AIDA	0	4	SI	4
DIZ CAMIÑO HÉCTOR	0	4	SI	4
GARCÍA RIVAS MARÍA DEL PILAR	0	4	SI	4
JIMÉNEZ FERNÁNDEZ RAFAEL	0	4	SI	4
LINO MARTÍNEZ JOSEFA	36	4	SI	40
NÚÑEZ MARIÑO TRINIDAD	0,33	0	SI	0,33
PEREIRA MARTÍNEZ MARTA	4,81	4	SI	8,81
PIÑEIRO OTERO ELENA	2,25	4	SI	6,25
PORTELA MAGDALENO VANESSA	0	4	SI	4
PRIETO BERMÚDEZ BIBIANA	0	4	SI	4
RODRÍGUEZ TOUZA MÓNICA	0	4	SI	4
VALLADARES PIÑEIRO MARÍA JESÚS	0,61	4	SI	4,61
VIZOSO MARCOS ÁNXELA	0	4	SI	4

Advertido empate a 4 puntos entre varios aspirantes procédese a aplicar o disposto na base base décimo primeira co obxecto de determinar a orde de puntuación:



**Concello de Cangas**

1. *“en primeiro lugar a favor da persoa aspirante con máis experiencia profesional no Concello de Cangas na mesma praza/s convocada”*. NON SE APLICA
2. *“en segundo lugar a favor da persoa con máis experiencia profesional no Concello de Cangas en praza/s do mesmo grupo/categoría e área de coñecementos que a praza/s convocada”* NON SE APLICA
3. *“en terceiro lugar a favor do que teña maior antigüidade no Concello de Cangas”*

ASPIRANTE	DÍAS
PRIETO BERMÚDEZ BIBIANA	2.366
PORTELA MAGDALENO VANESSA	547
CANCELAS SANTOS SARA	452
CHAPELA BOUBETA MARIA AIDA	203
GARCÍA RIVAS MARIA DEL PILAR	203
VIZOSO MARCOS ÁNXELA	0
DIZ CAMIÑO HEITOR	0
JIMÉNEZ FERNÁNDEZ RAFAEL	0
RODRÍGUEZ TOUZA MÓNICA	0

4. *“en cuarto lugar a favor do que teña maior antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas”*

ASPIRANTE	DÍAS
VIZOSO MARCOS ÁNXELA	630
DIZ CAMIÑO HEITOR	0
JIMÉNEZ FERNÁNDEZ RAFAEL	0
RODRÍGUEZ TOUZA MÓNICA	0

5. *“de persistir o empate, en último lugar resolverase cun sorteo público entre as persoas aspirantes que continúen empatadas.”*

Empate a 203 días:

- CHAPELA BOUBETA MARIA AIDA
- GARCÍA RIVAS MARIA DEL PILAR

Empate a 0 días:

- DIZ CAMIÑO HEITOR
- JIMÉNEZ FERNÁNDEZ RAFAEL
- RODRÍGUEZ TOUZA MÓNICA

Conforme a base décimo primeira da convocatoria o Tribunal acorda:



**Concello de Cangas**

**PRIMEIRO.** Convocar as persoas aspirantes ao proceso selectivo o día 26 de novembro ás 9:30 horas no Concello de Cangas (andar -1) para proceder ao desempate mediante sorteo público da cualificación final obtida.

**SEGUNDO.** Publicar no Taboleiro de Anuncios (físico e electrónico), na páxina web e no Portal de Transparencia a presente Acta.

Sendo as 11:30 horas levántase a reunión formalizándose a presente Acta que asinan conmigo os membros do Tribunal do cal, eu, secretaria, DOU FE.

Presidente

Manuel Cabral  
Cordeiro

Secretario

Pilar Refojos  
Giráldez

Vogal

Jesús Guimeráns  
González

Vogal

Ángeles Fernández  
López

Vogal

María Teresa  
Casal Rivas